

MARIÑO PAZ, RAMÓN / XAVIER VARELA BARREIRO (eds.) (2016): *A lingua galega no solpor medieval*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 194 pp.

Publicado na prestixiosa colección de Ensaio & Investigación, este volume tan coidado chama poderosamente a atención xa antes de o abrir. Ó renome dos seus editores, que sempre navegan polo mar da lingüística histórica co temón da excelencia, súmanse un título que resulta especialmente acaído, e tan fermoso e simbólico como a propia palabra *solpor*, e, presidindo a portada, unha magnífica fotografía actual do castelo de Pambre, chea tamén de simboloxía (dende o xogo de cores, ó pasado medieval glorioso que aínda exhibe, orgullosa, a fortaleza, pasando polo seu declive posmedieval ou, como non, pola súa auréola lendaria e misteriosa). Na solapa da portada

adiántasenos tamén unha boa nova bibliográfica, a saída en maio de 2017 dunha *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega* de Mariño Paz, que agardamos con expectación.

Despois de abertas, as páxinas do libro agochan unha sorpresa: ofrécennos moito máis do indicado nun título claro e preciso pois, dos sete capítulos de que consta a obra, cinco céntranse na lingua galega e dous fano nas veciñas asturiana e portuguesa. Considero moi atinada a súa inclusión xa que, con eles, os editores conseguiron que quen se achegue a esta monografía dispoña de datos de primeira man para interpretar mellor todo o que sucedeu na fin do período medieval nun amplo territorio do noroeste da Península Ibérica. Do mesmo xeito que tamén constitúe unha óptima escolla a incorporación dun capítulo centrado na Galicia medieval dende unha perspectiva histórico-social. Os catro capítulos restantes debullan diferentes cuestións de natureza estritamente lingüística. Neste sentido advírtese o bo labor desenvolvido polos editores porque, limitados en número, nos capítulos centrais da obra tócanse con habelencia as teclas dos principais niveis de estudo da lingua: fonético, morfolóxico, sintáctico e léxico (incluído o toponímico).

Os sete traballos que constitúen este libro son os seguintes (a numeración dos capítulos é miña):

(I) Anselmo López Carreira: «O reino de Galicia no remate da Idade Media» (pp. 15-35).

(II) Juan M. Carrasco González: «A lingua portuguesa na fin da Idade Media» (pp. 37-66).

(III) Xulio Viejo Fernández: «El asturiano en el tránsito de la Edad Media a la Moderna (siglos XIV-XVII): entre el retroceso y la toma de conciencia lingüística» (pp. 67-94).

(IV) Xavier Varela Barreiro e Ricardo Pichel Gotérrez: «Galego-portugués e castelán na Galiza do século xv. Retrincos significativos na documentación xudicial da colección da catedral de Lugo» (pp. 95-120)¹.

(V) Ramón Mariño Paz: «Cambios desde abaixo e cambios desde arriba no galego do século xv» (pp. 121-145).

(VI) Xosé Manuel Sánchez Rei: «A interposición pronominal no tránsito do galego medieval ao galego moderno» (pp. 147-178).

(VII) Lucía Doval Iglesias e Gonzalo Hermo González: «A castellanización da toponimia na documentación instrumental galega da Idade Media» (pp. 179-194).

Son todos traballos demorados, rigorosos, cunha media de 25 páxinas cada un (só o último, VII, se afasta, por baixo, dela), ben estruturados e subdivididos (salvo o segundo, II, que non posúe ningunha epígrafe interna), con exposicións ben deliñadas que alcanzan os obxectivos científicos propostos en cada caso.

Como xa sinalei, os tres primeiros capítulos serven de marco no que contemplar o cadro deseñado polos catro últimos. En I, López Carreira fotografa con total precisión e rigorosidade o “panorama sociopolítico” (p. 34) da Galicia dos últimos anos do s. XIV e mais do s. XV. A través dunha atinada selección de temas, que dun xeito equilibrado lles van dando nome ás distintas subepígrafes, o autor é capaz de identificar e describir axilmente as circunstancias históricas cruciais para comprender como saíu Galicia do período medieval e as condicións en que se dirixirá cara ó Estado Moderno. Merecen ser destacadas as sínteses conclusivo-recapitulativas como a que resume os principais trazos históricos da Galicia do s. XV: “modelo señorial moi fragmentado, perda de peso político do país no conxunto da Coroa, secundarización da nobreza fronte ao predominio episcopal e conxuntura de dificultades no sector comercial, coa natural repercusión sobre a burguesía urbana” (p. 24) e por iso mesmo, ó non posuír “un sector social forte, coherente e enraizado no país”, Galicia afrontará o futuro “en condicións económicas de subsistencia rural e de estancamento comercial e artesanal, e de incapacidade política tanto para tomar decisións soberanas no interior como para intervir no conxunto da Monarquía” (p. 34). López Carreira fornécenos de xeito tan esquemático coma preciso a chave histórica para entender a situación sociolingüística galega descrita nos estudos filolóxicos das catro últimas contribucións.

Os capítulos II e III constitúen un bo paspartú do cadro global do libro. Carrasco González e Viejo Fernández debuxan, para portugués e asturiano respectivamente, un espléndido *status quaestionis*, e fano empregando un abano temporal amplo, incorporando os séculos precedentes e subsecuentes ó XIV e XV. Para o portugués, Carrasco González

¹ No índice da p. 13 este título presenta unha lixeira variante: “[...] colección documental da catedral de Lugo [...]”.

lez, alén de reflexionar criticamente sobre a posible influencia mozárabe na constitución da lingua portuguesa, centrase nunha escolma de cambios con que habitualmente se caracteriza a transición do portugués antigo ó medio. Boa parte deses cambios son fonéticos, espállanse por oito páxinas e, dentro deles, os vocálicos sobresaen como “unha das maiores innovacións do período” (p. 48). Neste terreo, o autor cre que a explicación máis convincente, tanto da “aparición dos fenómenos de asimilación e disimilación de ditongos, as vogais mixtas portuguesas”, coma da “substitución de [v] por [β] característica das falas do centro e do sur do país” (p. 53), é a influencia francesa. Os cambios morfolóxicos “afastan definitivamente o portugués medio do arcaico” (p. 54), menciónanse sete ó longo de dous parágrafos. Un parágrafo é o espazo dedicado ós sintácticos, non porque non os haxa “significativos”, que os hai (enuméranse tres), senón porque están “desafortunadamente aínda pouco estudados” (p. 55). Ademais de finalizar os cambios lingüísticos do s. XV coa referencia á incorporación de “léxico culto latino” (p. 56), Carrasco González pecha o seu traballo con diversas reflexións de gramáticos portugueses do s. XVI e conclúe: que a mediados do s. XV o portugués xa estivese distanciado extraordinariamente do castelán —sobre todo no sistema fonético— e que as “letras e toda a cultura portuguesa” amosasen unha boa fortaleza xa dende o s. XVI, permitiu “diminuír os perigos do bilingüismo cultural que se inaugura entón” (p. 61).

En III, Viejo Fernández aproxímase á lingua asturiana a partir de tres grandes puntos: o primeiro (de oito páxinas) concentra a súa visión nos séculos XIII e XIV (período de consolidación e plenitude do seu uso escrito); o terceiro (de case nove páxinas), despois dalgunhas referencias ó s. XV, chegará ata o s. XVII (coa idea básica do “surgimiento de una conciencia lingüística asturiana”, p. 80); será o segundo, de tres páxinas, o que focalice a atención no s. XIV. Nesta epígrafe fálanse do avance da castelanización pero nunhas coordenadas específicas, cun “incremento del castellanismo en la escritura” interpretado máis ben como unha “progresiva aclimatación de innovacións castellanas que, en todo caso, acaban por hacerse dominantes en las notarías urbanas, eclesiásticas y monacales en el último tramo

del XIV” (p. 78) e, por iso mesmo, “menos cabe suponer una penetración brusca del castellano en el uso oral” (p. 78). Despois de exemplificar cos problemas da representación gráfica de [ʎ] en posición inicial, con <l> ou <ll>, para Viejo Fernández, neste contexto de cambio sociopolítico en Asturias, “la generalización de un registro alógeno como el castellano [...] bien pudo coadyuvar a la consolidación de una auténtica conciencia lingüística” (p. 80). As reflexións sobre o s. XV vólense de diversos testemuños que lle permiten afirmar ó autor que “la percepción de la existencia de una *lingua asturiana* o *asturiano*, como una variedad idiomática discretamente diferenciada del castellano, se generaliza con múltiples testimonios, acompañados habitualmente de valoraciones sobre ella” (p. 82). Cun discurso moi fluído, a pesar de entrelazar múltiples referencias, Viejo Fernández consegue, parágrafo a parágrafo, que o máis transcendente do percorrido histórico da lingua asturiana entre os ss. XIII e XVII quede ó descuberto.

Con IV iníciáanse os capítulos que constitúen a cerna máis singular do volume que estamos a analizar. Da man de Varela Barreiro (creador e responsable dos extraordinarios corpus textuais do galego medieval) e de Pichel Gotérrez (experto na ecdótica e lingüística medievals) ofrécesenos unha pormenorizada análise sociolingüística de sete documentos catrocentistas gardados na catedral de Lugo. Son sete sentenzas: cinco proceden do ámbito da xustiza civil rexia e dúas son de xuíces eclesiásticos. Aínda que os autores recoñecen que seguen o vieiro de traballos anteriores que analizaron os usos lingüísticos en diversas fontes medievals, o certo é que o seu traballo é completamente orixinal: e éo non só por ampliar a outras terras e institucións o corpus de estudo, ou pola súa homoxeneización ó centrarse nas sentenzas, senón sobre todo porque amosan o vieiro metodolóxico, o mellor xeito de traballar para reconstruír o grande estudo da historia sociolingüística documental do galego. Chegou o momento de transcender a simple casuística cuantitativa de ver a lingua en que está redactado un instrumento: Varela Barreiro e Pichel Gotérrez ensínannos que, de cada un, cómpre identificar a tipoloxía documental, o ámbito xudicial, a identidade e procedencia de quen imparta xustiza, a súa categoría e a súa xurisdicción,

quen foi o notario (identidade e procedencia), quen e de onde son os destinatarios do instrumento, alén, obviamente, da localización da acción documental, data e lingua en que está escrito. E tamén nos aprenden que, cando faltan datos, por veces é posible recuperar algúns deles a través da investigación (como cando fan para pescudar a orixe de tres dos notarios, pp. 111-112, cando revisan os galego-portuguesismos dun documento escrito —polo menos intencionalmente— en castelán, n. 2 da p. 101, ou como cando deixan de lado un documento de 1478 por sospeitar que se trata dunha falsificación, pp. 102-105). O seu meticuloso estudo permítilles concluír que “o proceso castelanizador se produciu moito máis lentamente na administración eclesíastica que na civil” (p. 116).

Ata o día de hoxe nunca me defraudou ningunha das ducias de traballos que levo lido de Mariño Paz, e o capítulo V non constitúe unha excepción. O senlleiro historiador da lingua galega, homenaxeando a Labov dende o título, exemplifica a coñecida dicotomía *change from below/above* con dous cambios lingüísticos na Galicia do s. XV. Mais antes de se centrar neles, Mariño Paz ofrece ó longo de cinco páxinas, epígrafes 3 e 4, un resumo xeral sobre o(s) ritmo(s) con que se foron producindo as innovacións lingüísticas no galego dende a romanización ata a actualidade. Na epígrafe 5 introdúcese o contexto sociolingüístico galego do s. XV e preséntanse os dous cambios que se estudarán: “un deles era sen dúbida común á gran maioría das variedades da lingua daquel tempo” e o outro “semellaba estar liderado basicamente por individuos ao servizo da elite gobernante” (p. 130). O primeiro é un cambio fonético, a desnasalización vocálica das terminacións *-ANES*, *-ANIS*, *-ENES...*; o segundo aféctalle á variante sufixal proveniente de *-BILIS*. En ambos os dous casos, Mariño Paz, baseándose nuns alicerces documentais tan sólidos coma exhaustivos e ofrecendo todos os datos necesarios en táboas moi completas e ben estruturadas, constrúe un excelente e ben argumentado discurso explicativo.

Verbo do primeiro, salientase que as variantes innovadoras (con desnasalización vocálica) se espallan por clases de palabras diversas, aféctanlles a todas as variedades diafásicas da lingua, non teñen unha orientación castelanizante e na escrita foron avanzando

lentamente dende o s. XIII. Para Mariño Paz estamos diante dun ‘cambio dende abaixo’ e isto “cadra ben” co feito de que estas variantes innovadoras “tivesen moi baixos índices de representación gráfica ata o final do período medieval” (p. 142), trátase dun cambio que progresou “en todo tipo de xeolectos, sociolectos e estilos”, pero que “debeu de pasar desapercibido para a gran maioría da comunidade galegófona” (p. 142). Coa segunda muda lingüística, os datos amosan que se circunscibía a adxectivos de “campos semánticos ligados á prosa documental ou xurídica” (p. 134), diafásicamente situada nos “estilos de lingua máis formais” (p. 135), que poñía en xogo dúas variantes básicas, unha sen síncope da vogal postónica e con carácter semiculto, *-vel(e) / -vil(e)*, e outra con síncope da postónica e con carácter castelanizante, *-ble(s) / -bre(s)*, e que mentres a primeira delas monopoliza as documentacións dende o s. XIII ata mediados do s. XV, a partir de 1450 prodúcese coa segunda “un abrupto salto adiante [...] na prosa notarial” (p. 135). E estes datos encaixan á perfección para este autor cos dun ‘cambio dende arriba’, un cambio castelanizador introducido “no último treito medieval [...] por unhas elites instaladas en pequenos redutos sociais en que o contacto co castelán escrito e falado empezaba a facerse frecuente” (p. 142), situación da que se mantiña aínda moi afastada “a inmensa maioría dos galegofalantes da época” (p. 142).

No penúltimo dos capítulos, o VI, un auténtico especialista na interpolación pronominal en galego, Sánchez Rei, céntrase na análise da situación dese fenómeno lingüístico nos séculos XV e XVI. Dado o seu fondo coñecemento da materia, as doce primeiras páxinas, epígrafes 1 e 2, dedícanse a cuestións introdutorias sobre a identificación desta estrutura (que se define como a “intercalación de unha ou máis palabras entre unha forma pronominal proclítica e o verbo, das cales [...] polo menos unha debe ser tónica”, pp. 151-152), a súa posible orixe e as particularidades que presentaba, en xeral, no período medieval. Malia a escaseza textual dos séculos XV e XVI, o autor localizou suficientes exemplos como para afirmar que “o recurso continúa a ser empregado con total normalidade” (p. 162) —en total ofrecerase unha cincuentena de exemplos destes dous séculos—. Como peculiaridades específicas deste período Sánchez Rei descobre: unha ‘pa-

radoxal' maior complexidade dos elementos intercalados en documentos notariais do s. XV (aínda que esas construcións máis complexas esmorecerán axiña), unha diminución neste período tardomedieval da propia presenza do recurso da interpolación, e unha redución da variabilidade dos elementos interpolados (basicamente *non* e os pronomes tónicos suxeito). Sánchez Rei repasa tamén os posibles motivos, internos e externos, que poden xustificar a súa mingua. Entre os primeiros destacan o "carácter duplamente marcado da interpolación pronominal" (p. 173) e a fixación dos clíticos "como morfemas verbais, [...] próximos do seu núcleo e non afastados del por elementos interpostos" (p. 174). Entre os factores externos sitúa a posible influencia do castelán pero, máis que no galego do período obxecto de análise, en épocas posteriores.

O capítulo VII, moi orixinal, constitúe un magnífico broche conclusivo. Nel, Doval Iglesias e Hermo González estudan a situación toponímica na prosa galega notarial dos séculos XIII ó XVI dende unha dupla perspectiva: a da variación de catro topónimos galegos con ditongo decrecente no seu interior (*Ourense*, *Outeiro*, *Souto* e *Soutelo*, estes tres últimos con ou sen artigo) e o comportamento da toponimia nun manuscrito en castelán na estrema dos séculos XV e XVI (o *Libro do subsidio*). É moi significativo que os resultados do primeiro estudo amosen que as formas toponímicas deturpadas, aínda que presentes esporadicamente xa dende o s. XIII, son excepcionais entre ese século e o XV, o que leva a concluír acertadamente ós autores que "o proceso de castelanización da toponimia galega debe ser abordado como un fenómeno eminentemente posmedieval" (p. 193). Chamoume especialmente a atención o caso de *Ourense*, sobre todo porque a proporción global obtida do TMILG para un total de 1.140 ocorrencias é de 98,07%/1,93% (para as solucións rectas/deturpadas, respectivamente), mentres que da colección diplomática de Santa Comba de Naves (SCN) o resultado sobre 197 ocorrencias é, respectivamente, 76,14%/23,86%. Do mesmo xeito que os autores explicitan que para os exemplos deturpados procedentes do TMILG a lingua do documento non semella ser un parámetro pertinente, creo que é interesante constatar que case nove de cada dez dos localizados en SCN aparecen en (fragmentos de)

documentos redactados en castelán (cómpre ter en conta que, sen contabilizarmos os redactados en latín, só unha sexta parte, aproximadamente, dos documentos en SCN están escritos nesta lingua). A maiores, un dos tres notarios que se identifican en SCN como 'reais e señoriais', Juan Garçia, da segunda metade do s. XV, concentra el só, en documentos en castelán, preto das dúas quintas partes dos exemplos deturpados totais deste topónimo (cfr. *supra*). Dos topónimos presentes no *Libro do subsidio*, a proporción de formas castelanizadas é, sobre o total, moi baixa, aínda que este dato habería que complementalo dende a perspectiva indicada polo autores na propia introdución, xa que non todos os topónimos son válidos por igual "á hora de pescudar solucións castelanizantes nesta época" (p. 183). Sería bo comprobar tamén, por tipoloxías, cal é a distribución das formas espurias (por exemplo: os topónimos con desviacións castelanizantes para os topónimos galegos con *eyro/a* ou *eiro/a* supoñen aproximadamente, fronte a estes, un 14% —con equilibrio entre masculino e feminino—). En todo caso, as irregularidades e falta de sistematicidade á hora de deturpar os topónimos é tal que os autores conclúen que neste texto "as castelanizacións se producen a xeito de ensaio ou tentativa" (p. 193). En consecuencia, este estudo confirmámos que o solpor dos nosos topónimos, aínda que iniciado nel, non foi medieval.

Todas as contribucións, agás a primeira, recompilan na fin de cada unha as referencias bibliográficas empregadas. No capítulo I o desenvolvemento das referencias bibliográficas, dezasete en total, vaise incluíndo en notas no pé de cada páxina, respectando escrupulosamente o xeito de cita usado no libro mais, como dixeran, sen que se recollan na fin do traballo nunha epígrafe independente.

Gustoume que nas referencias bibliográficas de II, III e IV se desenvolvan sistematicamente os nomes propios dos/as autores/as. Tamén é de salientar que en V e VI se inclúan as numerosas fontes exploradas (a través do TMILG) e os textos citados, antes e despois das referencias bibliográficas, respectivamente. Neste sentido, isto non sucede no capítulo III, no que se empregan e reproducen bastantes fragmentos de fontes antigas, sen citar de maneira sistemática e completa (autor, ano, páxina) a referencia bibliográfica concreta de onde

proceden (por exemplo, coas citas de Mos3 Arragel e de Gonzalo Garc3a de Santa Mar3a na p. 81, ou coas de Alfonso de Carvalho das pp. 86 e 87, etc.), cousa que si se fai en II —cap3tulo paralelo a este pero aplicado 3 portugu3s— e, excepcionalmente, neste mesmo cap3tulo III (por exemplo na p. 83 coa referencia de “Alfonso de Carvalho, 1695, 109”). A situaci3n descrita en III dificulta non s3 a comprobaci3n das citas, sen3n tam3n a das obras hist3ricas porque o habitual neste cap3tulo 3 non incl3ir nas referencias bibliogr3ficas finais as obras e autores antigos dos que se empregan e citan fragmentos literais (a inclusi3n de Alfonso de Carvalho 3 excepcional: non aparecen Juan de Vald3s, citado na p. 78, Mos3 Arragel e Gonzalo Garc3a de Santa Mar3a, citados na p. 81, Felipe de G3ndara, citado na p. 82, etc.). A3nda que algunhas delas sexan citas a trav3s dunha fonte secundaria e non orixinal (nalg3n caso as citas rec3llense modernizadas, as3 acontece na de Alfonso de Carvalho da p. 86, xa que se alteran ma3sculas, acentos gr3ficos e puntuaci3n al3n dalg3ns outros aspectos ma3s relevantes: reproducese, por exemplo, “Av3a crecido [...] nombraban [...] gente facinerosa [...]”, cando o que realmente se le no orixinal de 1695, p. 446, 3 “Av3a en A [turias crecido [...] nombravan [...] gente facinoro [a [...]]”), cumpr3r3a identificar de xeito preciso cal 3 a edici3n de onde se copian. O anterior sorprende a3nda ma3s se temos en conta que os t3tulos incl3idos nas referencias bibliogr3ficas finais do cap3tulo III enchen cinco p3xinas, mais as tres quintas partes deles non aparecen citados nin unha soa vez (por exemplo, dos catorce t3tulos que se incl3uen de J. R. Morala Rodr3guez, s3 un, identificado como 2008b, aparece recollido no corpo do traballo). Probablemente 3 indiscutible a pertinencia da s3a inclusi3n, pero nese caso ser3a bo diferenciar entre bibliograf3a citada e bibliograf3a consultada. Finalmente, nas referencias bibliogr3ficas rex3stranse certas vacilaci3ns no uso de “ antes da abreviatura ‘pp.’ en VI (substituido en ocasi3ns por ‘;’), e de “ separando localidade e editorial en IV e VII (substituido por ‘:’). Unicamente detectei tres t3tulos lixeiramente descolocados da orde alfab3tica.

Case sen defectos formais, c3mpre que saientemos de novo, a coidada edici3n que temos entre as mans. A pesar de estarmos diante de case duascenas p3xinas cheas de texto,

os erros de imprenta son tam3n inapreciables: con todo, poder3ase aproveitar unha futura reedici3n para revisar as d3as ducias de erros de imprenta que hai (erros menores porque cada un s3 incide nun s3mbolo gr3fico).

En conclusi3n, estamos diante dunha obra resultado dunha magn3fica combinaci3n: dunha banda, a narraci3n envolvente, lixeira pero rigorosa, 3xil mais sen renunciar a informaci3n socioling3stica fundamental, axuda a que os tres primeiros cap3tulos se lean de contado e deixen no lector o agradable pouso das lecturas amenas e proveitosas; doutra, a prosa acad3mica e cient3fica de catro traballos filol3xicos moi s3lidos e consistentes, que caracterizan, tam3n dende perspectivas complementarias, a situaci3n nunha 3poca, a tardomedieval, chave para poder entender adecuadamente o solpor dunha idade esplendorosa da lingua galega.

Alexandre Rodr3guez Guerra